

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE E A CONGREGACIÓN ESCLAVAS DE LA VIRGEN DOLOROSA PARA O FINANCIAMENTO DOS GASTOS DERIVADOS DA EXECUCIÓN DO PROGRAMA DE PROMOCIÓN DA AUTONOMÍA E REHABILITACIÓN DAS CAPACIDADES DIRIXIDO A MULLERES CON DISCAPACIDADE INTELECTUAL, NA CASA SANTA MARÍA DE LA ESPERANZA DE MOS NO EJERCICIO 2023

Lugar e data da sinatura dixital

REUNIDOS

Dunha parte:

Dona Fabiola García Martínez, conselleira de Política Social e Xuventude, actuando en nome e representación da Consellería de Política Social e Xuventude, no uso das facultades que lle veñen atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, o Decreto 60/2022, do 15 de maio, do seu nomeamento, o Decreto 58/2022, do 15 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, o Decreto 73/2022, do 25 de maio, polo que se fixa a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da xunta de Galicia, o Decreto 124/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Xuventude e no establecido no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991.

Doutra parte:

Don Levi Olivares González, con DNI 36153789C representante legal da Congregación Esclavas de la Virgen Dolorosa con NIF 2800222H, no referente ao centro Casa santa María de la Esperanza de la Virgen Dolorosa en Mos (NIF R3600131A), de acordo coa representación outorgada en virtude do poder especial outorgado en escritura pública de data 9.12.2013. (número protocolo 2.058)

Interveñen no nome e representación e no exercicio das facultades que no nome das entidades que representan teñen conferidas

EXPOÑEN

I. Que as Administracións Públicas poden celebrar convenios de colaboración con outras administracións ou entes de dereito público e con persoas físicas ou xurídicas



ao abeiro do disposto no capítulo VI do título preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

II. Que a Comunidade Autónoma de Galicia, segundo o establecido no artigo 27.23 do Estatuto de autonomía de Galicia, en consonancia coa habilitación competencial outorgada ás Comunidades Autónomas polo artigo 148.1.20 da Constitución española, ten competencia exclusiva en materia de asistencia social, polo que, na súa virtude se aprobou a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.

III. Que a Consellería de Política Social e Xuventude é o órgano superior da administración autonómica ao que lle corresponde as competencias en materia de servizos sociais, e consecuentemente a atención do colectivo de persoas con discapacidade, conforme ao Decreto 124/2022, de 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Xuventude.

IV. Que a Congregación Esclavas de la Virgen Dolorosa, que figura inscrita no Rexistro de entidades relixiosas con nº 723-SE/B, é titular da Casa santa María de la Esperanza en Mos, que figura inscrita e recoñecida de iniciativa social no Rexistro de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais co número E-2092.

O centro presta atención a mulleres adultas con discapacidade intelectual que teñen necesidades de apoio en actividades a nivel persoal, social e terapéutico e as súas actividades están orientadas á rehabilitación das capacidades físicas, psíquicas e á promoción da autonomía persoal. O centro proporciona ás mulleres, as ferramentas para que sexan as protagonistas participativas de todas as decisións que teñen que ver coa súa vida.

V. O programa de atención á autonomía e rehabilitación das capacidades ten como obxectivos promover e apoiar a dignidade das mulleres con discapacidade creando oportunidades encamiñadas ao seu desenvolvemento persoal e social a mediante actividades a desenvolver na Casa Santa María de la Esperanza en Mos.

Conforme ao exposto, é do interese da Consellería de Política Social e Xuventude subscribir un convenio de colaboración Congregación Esclavas de la Virgen Dolorosa para o financiamento dos gastos derivados da execución de actividades do programa de promoción da autonomía e rehabilitación das capacidades destinadas ás mulleres



con discapacidade intelectual no seu centro de Mos para prestarlles un apoio que lles permita levar a cabo a súa vida cotiá, mellorando a súa calidade de vida.

VI. Que conforme aos requisitos previstos no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no 36 c) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Congregación Esclavas de la Virgen Dolorosa é unha organización sen ánimo de lucro, que desenvolve no ámbito da Comunidade Autónoma galega programas e actuacións para a mellora da calidade de vida das persoas con discapacidade intelectual, dispoñendo da experiencia, capital humano e medios axeitados para desenvolver esa atención.

Concretamente trátase dun programa específico de atención directa co obxecto de promover e apoiar a dignidade das mulleres con discapacidade na Casa Santa María de la Esperanza en Mos, creando oportunidades encamiñadas ao seu desenvolvemento persoal e social, dando resposta á situación de transición tras a pandemia a través das actividades seguintes :

- a) Apoio nas actividades da vida diaria e no coidado da saúde emocional e atención ao coidado físico. No centro establecéronse grupos gurgulla con profesionais de apoio, unha estrutura que axudou a dar un servizo individualizado e de maior atención directa. Nos grupos de referencia apóianse as actividades de axuste persoal como son as habilidades básicas da vida diaria, habilidades sociais e funcionais.
- b) Asistencia médica: Acompañamento as consultas médicas para aquelas mulleres que precisan apoio, sexa para o desprazamento ou comunicación co persoal sanitario, procurando fortalecer a autonomía .
- c) Atención e coidados: Inclúe coidados de podoloxía e peiteado.
- d) Atención psiquiátrica: Inclúe citas de atención psiquiátrica programadas; unha vez á semana o psiquiatra valora de maneira individual ás persoas que dende o servizo de saúde e a psicóloga do centro lle expoñen.

Este programa goza da singularidade precisa para fundamentar a concesión directa da subvención ao abeiro do disposto no artigos 19.4.c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no 36 c) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, nos que se prevé a posibilidade de exceptuar o réxime ordinario de concorrência competitiva en base ao carácter



singular das subvencións e razóns de interese público, social e humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública. A Congregación Esclavas de la Virgen Dolorosa é a única entidade que dispón da infraestrutura necesaria para a realización das actividades a subvencionar a través deste convenio.

A Congregación Esclavas de la Virgen Dolorosa é a única entidade que ofrece no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, servizos a mulleres coa finalidade de promover e apoiar a súa dignidade, creando oportunidades encamiñadas ao seu desenvolvemento persoal e social

A entidade dispón dos recursos humanos e estrutura necesarios para o desenvolvemento de dito programa, ademais dunha acreditada experiencia, contrastada cos bos resultados acadados ao longo de anos de colaboración. Tendo en conta ao mesmo tempo a insuficiencia de medios da Comunidade Autónoma, a Congregación Esclavas de la Virgen Dolorosa é a entidade idónea, pola súa experiencia no ámbito de atención ás persoas con discapacidade a través de programas que favorecen o desenvolvemento e integración de ditas persoas, para a execución do referido programa.

Que conforme aos requisitos previstos no artigo 26.2. apartado a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Congregación Esclavas de la Virgen Dolorosa é titular da Casa Santa María de la Esperanza, e é a única entidade que, sendo coñecedora das necesidades individualizadas das persoas usuarias do seu centro en Mos e atendendo ás posibilidades de mellora das mesmas, pode integrar na actividade diaria do dito centro as actuacións do programa a subvencionar a través deste convenio. As razóns de interese público, social e humanitario neste caso, no que o interese prioritario é o mantemento das persoas usuarias no centro, xa que o centro constitúe unha auténtica referencia vital para as persoas con discapacidade intelectual residentes nel, chegando a ser no caso das persoas residentes nel, un verdadeiro fogar, polo que debe asegurarse a estabilidade e continuidade dos servizos. Esta excepcionalidade ao réxime de concorrència competitiva establécese igualmente no artigo 31 da Lei 13/2008 do 3 de decembro. En consecuencia



conclúese que concorren circunstancias que xustifican a elección directa desta entidade para a celebración dun convenio de colaboración

Así mesmo, as actuacións a subvencionar, a súa adecuación ao ámbito competencial da Consellería de Política Social e Xuventude previsto no Decreto 124/2022, do 23 de xuño, na área específica da Dirección Xeral con competencias en materia de persoas con discapacidade, as específicas necesidades inherentes ao colectivo ao que van dirixidas, a exclusividade do programa, considéranse razóns que acreditan o seu interese social. Polo tanto queda xustificada a concesión directa desta subvención, en aplicación do referido artigo 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, que permite establecer convenios a través dos cales se canalizan estas subvencións.

Por todo o exposto, as partes comparecentes, na representación que ostentan,

ACORDAN

Subscribir un convenio de colaboración para levar a cabo o programa de promoción da autonomía e rehabilitación da capacidades de persoas con discapacidade.

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. *Obxecto*

O obxecto do presente convenio é a concesión directa dunha subvención a favor da Congregación Esclavas de la Virgen Dolorosa, para o financiamento dos gastos derivados da execución do programa específico de promoción da autonomía persoal e rehabilitación de capacidades de mulleres con discapacidade intelectual, orientadas á rehabilitación das capacidades físicas, psíquicas , na Casa Santa María de la Esperanza en Mos, no exercicio 2023.

A finalidade é dar atención psicoterapéutica, sociosanitaria e nas actividades da vida diaria ás usuarias, mulleres con discapacidade intelectual, co obxecto de mellorar a súa autonomía persoal e calidade de vida.

SEGUNDA. *Actuacións subvencionables*

As actividades programadas en execución do programa específico a subvencionar a través deste convenio son:

a) Apoio nas actividades da vida diaria e no coidado da saúde emocional e atención



ao coidado físico. No centro establecéronse grupos gurgulla con profesionais de apoio, unha estrutura que axudou a dar un servizo individualizado e de maior atención directa. Nos grupos de referencia apóianse as actividades de axuste persoal como son as habilidades básicas da vida diaria, habilidades sociais e funcionais. adaptándose ás necesidades de cada grupo en función das características das mulleres con discapacidade que forman parte del.

b) Asistencia médica: acompañamento as consultas médicas para aquelas mulleres que precisan apoio, sexa para o desprazamento ou comunicación co persoal sanitario, procurando fortalecer a autonomía .

c) Atención e coidados: Inclúe coidados de podoloxía e peiteado.

d) Atención psiquiátrica: inclúe citas de atención psiquiátrica programadas, unha vez á semana o psiquiatra valora de maneira individual ás persoas que dende o servizo de saúde e a psicóloga do centro lle propoñen.

Supón a organización de actividades específicas para superar a perdas de seguridade e capacidades derivadas da pandemia que, a pesares de que parece superada, supuxo secuelas nas persoas usuarias das residencias que require un tratamento específico e individualizado a través destes programas organizados pola entidade.

TERCEIRA. Orzamento

A previsión do orzamento de gastos para o desenvolvemento das actuacións que ten previsto desenvolver a Congregación Esclavas de la Virgen Dolorosa no centro de Mos, é de 174.812,43 euros.

Para o cumprimento da finalidade prevista na cláusula primeira deste convenio a Consellería de Política Social e Xuventude achegará **cento setenta e catro mil trinta e catro euros (174.034,00 €)** que serán imputados á aplicación orzamentaria 13.04.312E.481.1 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2023.

CUARTA. Obrigas da entidade

1. A Congregación Esclavas de la Virgen Dolorosa, deberá cumprir todas as obrigas previstas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e deberá cumprir todos os requisitos necesarios para obter a condición de beneficiario



previstos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño. Sen prexuízo de todo o anterior, tamén deberá cumprir as obrigas seguintes:

- a) Realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da subvención.
- b) Acreditar a realización da actividade, así como o cumprimento dos requisitos ou das condicións que determinaron a concesión da axuda. O cumprimento desta obriga de xustificación realizarase nos termos previstos no artigo 28 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no artigo 30 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, na normativa regulamentaria de desenvolvemento e no disposto nas bases reguladoras ou nos instrumentos de concesión.
- c) Someterse ás actuacións de comprobación que deba efectuar o órgano concedente, así como calquera outra comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto nacionais coma comunitarios e achegar canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.
- d) Comunicarlle á Consellería de Política Social e Xuventude a obtención de subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.
- e) Dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable á entidade beneficiaria en cada caso, así como cantos estados contables e rexistros específicos sexan esixidos polas bases reguladoras das subvencións, coa finalidade de garantir o adecuado exercicio das facultades de comprobación e control.
- f) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.
- g) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos previstos nos artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.



h) Incluír na publicidade e en todo tipo de documentación e información relacionada coas actividades obxecto do programa específico a subvencionar a través do convenio e nos lugares onde estas se realicen "subvencionado pola Xunta de Galicia-Consellería de Política Social e Xuventude" co seu respectivo logotipo.

i) Cumprir cantas outras obrigas se deriven da execución deste convenio.

2. Así mesmo, a entidade deberá cumprir a obriga de subministración de información nos termos establecidos no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno

QUINTA. Documentación previa

En virtude do disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, e no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, na Lei 9/2007, do 13 de xuño e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a entidade beneficiaria presentará con carácter previo á sinatura do convenio e xunto co programa de actividades a desenvolver, a seguinte documentación:

a) Declaración comprensiva de todas as axudas e subvencións solicitadas ou concedidas para o mesmo proxecto, ou, de ser o caso, unha declaración de que non solicitaron nin percibiron outras axudas ou subvencións.

b) Declaración responsable, subscrita polo representante da entidade, de non estar incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiaria de subvencións sinaladas nos apartados 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

SEXTA. Compatibilidade con outras axudas

A subvención prevista neste convenio é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, supere o custo total



da actividade que vai desenvolver o beneficiario.

SÉTIMA. *Forma de pagamento*

Respecto ao pagamento e forma de xustificación da subvención estarase ao disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, e no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, na Lei 9/2007, do 13 de xuño e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

O libramento farase nunha conta corrente da que sexa titular a entidade beneficiaria nas seguintes condicións:

- a) Efectuarase un pagamento do 80% da totalidade da subvención, con carácter de anticipo a conta da liquidación, unha vez asinado o presente convenio.
- b) O 20% restante farase efectivo unha vez rematadas todas as actividades do convenio, aportando a documentación prevista na cláusula novena do convenio.

Con carácter previo ao pagamento poderá consultarse, salvo oposición por parte do interesado, o cumprimento das súas obrigas tributarias, coa Seguridade Social e coa facenda da Administración Pública da Comunidade Autónoma de Galicia, así como non ser debedora por resolución de procedemento de reintegro. De opoñerse terá que facelo de xeito expreso tal e como sinala o artigo 28 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, e achegar os xustificantes ou documentación necesaria para acreditar o seu cumprimento, se é o caso.

Para a tramitación das condicións de pagamento previstas nos apartados anteriores, a entidade beneficiaria da subvención queda exonerada da constitución de garantía ao entrar no suposto previsto no artigo 65.4.f) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

OITAVA. *Gastos subvencionables*

O importe da subvención destinarase a cubrir gastos de persoal adscrito á execución do programa, e gastos correntes así como outros gastos da mesma natureza derivados da execución das actividades recollidas na cláusula segunda deste convenio, de acordo co recollido na memoria económica.

Son gastos subvencionables os que cumpran os requisitos fixados polo artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño. Para estes efectos, considerarase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación



que remata o **10 de decembro de 2023**.

NOVENA. Xustificación

1. Respecto da forma de xustificación estarase ao disposto ao establecido na Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.
2. Considerarase efectivamente pagado o gasto cando se xustifique o pagamento mediante extractos ou certificacións bancarias debidamente identificados, selados, e asinados pola entidade beneficiaria.

No suposto de que o xustificante do pagamento inclúa varias facturas, deberase xuntar unha relación delas. No suposto de facturas pagadas conxuntamente con outras non referidas ao programa subvencionado, a xustificación do pagamento débese realizar sempre mediante a achega do correspondente extracto bancario que irá acompañado dun dos seguintes documentos: relación emitida polo banco dos pagamentos realizados, orde de pagamentos da entidade selada polo banco ou recibí da persoa provedora.

Para gastos de escasa contía por importes inferiores a 1.000,00 euros poderase aceptar a xustificación do pagamento mediante recibí da persoa provedora.

3. A presentación da conta xustificativa levarase a cabo unha vez rematadas todas as actividades do convenio e en todo caso con data límite 10 de decembro do 2023, aportando a seguinte documentación, conforme ao previsto nos artigos 48 e 50 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro:

a) Unha memoria final das actuacións desenvolvidas en execución dos programas a subvencionar a través deste convenio, con indicación das actividades realizadas, datas de inicio e finalización das mesmas, resultados obtidos e valoración cualitativa dos mesmos, número de persoas beneficiarias en cada actividade, e demais aspectos que se consideren relevantes.

b) Unha memoria económica abreviada xustificativa do custo das actividades realizadas, que conterá:

- 1º. Unha ficha resumo dos gastos de persoal e do resto dos gastos.



2º. Unha relación clasificada e debidamente agrupada dos gastos, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, data de emisión e data de pagamento. No caso dos gastos realizados con medios ou recursos propios, indicaranse os criterios de repartición dos custos xerais e/ou indirectos incorporados na relación.

3º. Especificación das desviacións producidas sobre as cantidades inicialmente orzamentadas pola entidade.

4º. Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada obxecto deste convenio, con indicación do importe e a súa procedencia, xa sexa de entes públicos ou privados.

5º. Os 3 orzamentos que, en aplicación do artigo 29.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, no suposto de gastos de importe superior a 15.000 €, deba ter solicitada a entidade beneficiaria.

6º. Se for o caso, a carta de pagamento de reintegro no suposto de remanentes non aplicados así como dos xuros derivados destes.

c) A revisión da parte da conta xustificativa integrada polas facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa incorporados na relación a que se fai referencia no apartado anterior e a documentación acreditativa do pagamento será efectuada por unha persoa auditora sometida á Lei 22/2015, do 20 de xullo, de auditoría de contas e inscrita no Rexistro Oficial de Auditores de Contas dependente do Instituto de Contabilidade e Auditoría de Contas, conforme ao artigo 50 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, designado pola entidade beneficiaria.

A estes efectos, aportarase o **informe da revisión efectuada pola persoa auditora de contas**, que se estenderá á totalidade da conta xustificativa, e que como mínimo deberá deixar constancia dos seguintes extremos:

1º Adecuación da natureza do gasto xustificado, tanto en relación ás actuacións subvencionadas en execución do convenio previstas na cláusula segunda, como en relación aos conceptos de gasto considerados como subvencionables.

2º Verificación da relación clasificada e debidamente agrupada dos gastos citada no apartado b), conforme coincide coa documentación xustificativa destes e coa



documentación acreditativa do seu pagamento, con indicación dos reparos correspondentes. Conforme ao previsto no artigo 49 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, a entidade beneficiaria da subvención deberá marcar cun selo ou sistema similar de marcado, os documentos orixinais xustificantes do gasto, indicando "Subvencionado pola Consellería de Política Social e Xuventude" e se o importe do xustificante se imputa total ou parcialmente á subvención, indicando neste último caso a porcentaxe ou contía que se imputa.

3º. Verificación do cumprimento do disposto na cláusula décimo segunda en relación coas actividades subcontractadas, no seu caso.

4º. Indicación do importe, desagregado por partidas e global, correctamente xustificado, tanto en relación á xustificación do gasto como do seu pagamento, conforme ás previsións contidas nesta cláusula e na cláusula sétima deste convenio.

5º. Verificación das desviacións producidas sobre as cantidades inicialmente orzamentadas.

6º. Verificación do importe global percibido pola entidade como ingresos en concepto de subvencións, tanto de entes públicos como privados, e aplicado o financiamento das actuacións obxecto do convenio, e que este non supera o gasto total xustificado.

A entidade beneficiaria da subvención estará obrigada a pór a disposición da persoa auditora de contas cantos libros, rexistros e documentos lle sexan esixibles en aplicación do disposto no artigo 11.f da Lei 9/2007, do 13 de xuño, así como a conservalos co obxecto das actuacións de comprobación e control previstas na lei.

O gasto derivado da revisión da conta xustificativa poderá ter a condición de gasto subvencionable.

5. En todo caso o prazo para a presentación da conta xustificativa da subvención deste convenio rematará o día 10 de decembro de 2023. A falta de presentación da xustificación no prazo establecido comportará o reintegro da subvención, ou da parte proporcional non xustificada, e demais responsabilidades establecidas na Lei de subvencións de Galicia. Exceptúase desta previsión a presentación da documentación xustificativa do pagamento das nóminas de decembro, documento de Relación Nominal de Traballadores (RNT) e documento de Relación de



liquidacións de cotizacións (RLC) de novembro e decembro (antigos TC), e IRPF correspondentes ao cuarto trimestre do ano 2023, que se presentará mediante addenda ao informe da auditoría na primeira quincena de febreiro de 2024.

6. Con carácter previo a calquera pagamento consultarase o cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e de non ter pendentes de pagamento débedas coa AEAT nin coa Administración Pública da Comunidade Autónoma de Galicia ou de ser debedor por resolución de procedemento de reintegro, salvo oposición expresa da entidade. De opoñerse expresamente á consulta terá que achegar os certificados de cumprimento de obrigas tributarias previo a calquera pagamento, se é caso.

7. Toda a documentación xustificativa deste convenio deberá ser asinada pola persoa representante da entidade Casa Santa María de la Esperanza.

DÉCIMA. *Incumprimentos, reintegros e sancións*

Producirase a perda do dereito ao cobro total ou parcial da axuda no suposto de falta de xustificación do cumprimento do convenio, dos deberes contidos nestas cláusulas, dos deberes contidos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño ou na demais normativa aplicable, o que dará lugar á obriga de devolver total ou parcialmente a axuda percibida, así como os intereses de demora correspondentes.

O procedemento para declarar a orixe da perda do dereito de cobramento da axuda e para facer efectiva a devolución a que se refire o apartado anterior será o establecido no Título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

Sempre que se cumplan os requisitos ou condicións esenciais reflectidos no convenio, a Consellería de Política Social e Xuventude poderá apreciar un incumprimento parcial e deberá resolver sobre o seu alcance, aplicando a mesma ponderación que tivera a condición incumprida no convenio e, se é o caso, establecendo o deber de reintegro.

Cando se trate de condicións referentes á contía ou conceptos do obxecto subvencionable, o alcance do incumprimento determinarase proporcionalmente ao gasto deixado de practicar ou aplicado a conceptos distintos dos considerados subvencionables e, se é o caso, deberán reintegrarse as cantidades percibidas en dita proporción. Con carácter xeral, se o incumprimento superara o 65% da



actividade a subvencionar a través do convenio, entenderase que dito incumprimento é total, e deberán reintegrarse todas as cantidades percibidas e o seus intereses de demora, previa resolución ditada ao abeiro do establecido no xa citado Título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

Á entidade beneficiaria da subvención regulada nestas bases seralle de aplicación o réxime de infraccións e sancións previstas no Título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Título VI do seu regulamento.

DÉCIMO PRIMEIRA. *Inexistencia de relación laboral*

A Congregación Esclavas de la Virgen Dolorosa, queda facultada para designar o persoal necesario para realizar as actividades propostas no centro no marco do programa específico.

A subscrición do presente convenio non leva consigo relación laboral nin contractual algunha entre a Consellería de Política Social e Xuventude e as persoas que realicen as actividades obxecto do programa, de tal xeito que non se lle poderá esixir ningunha responsabilidade, nin directa nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento del.

DECIMO SEGUNDA. *Subcontratación*

A Congregación Esclavas de la Virgen Dolorosa é a beneficiaria directa da subvención obxecto deste convenio, asumindo a total responsabilidade da execución da actividade subvencionada fronte á administración. Non obstante, autorízase a subcontratación ata o 25% dos medios de apoio precisos para a debida execución das actividades programadas, de acordo co recollido na memoria económica.

A Congregación Esclavas de la Virgen Dolorosa en relación ao programa a desenvolver no centro Casa Santa María de la Esperanza, no seu caso, comunicará, a subcontratación á Dirección Xeral de Persoas con Discapacidade da Consellería de Política Social e Xuventude. A estes efectos será de aplicación o establecido no artigo 29 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, e 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

DÉCIMO TERCEIRA. *Comisión de seguimento e control*

Para o seguimento e coordinación das accións previstas no presente convenio crearase unha comisión mixta e paritaria na que estarán representados as partes



asinantes do convenio. Esta comisión, que se reunirá por petición de calquera das partes, será o mecanismo de actuación conxunta para o seguimento e avaliación das actuacións estipuladas no presente convenio, e estará formada por dous representantes da Consellería de Política Social e Xuventude e dous representantes da entidade designados cada un deles pola parte á que representen así como os seus suplentes.

A dita comisión será presidida por unha das persoas representantes da administración, designada pola persoa titular da Dirección Xeral de Persoas con Discapacidade, ocupando a secretaría unha persoa adscrita á Dirección Xeral de Persoas con Discapacidade, designada pola persoa que asuma a Presidencia, que actuará con voz pero sen voto.

Como órgano colexiado a comisión someterase ao réxime establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público e na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

DÉCIMO CUARTA. *Vixencia*

O presente convenio estenderá os seus efectos dende a súa formalización e terá vixencia ata o 31 de decembro de 2023.

Non obstante, os gastos das accións englobadas no presente convenio que realizase Casa Santa María de la Esperanza da Congregación Esclavas de la Virgen Dolorosa no programa específico a desenvolver, dende o 1 de xaneiro de 2023 tamén poderán ser subvencionadas ao seu abeiro coa achega da Consellería de Política Social e Xuventude.

DÉCIMO QUINTA. *Transparencia e bo goberno*

O presente convenio será obxecto de publicidade e inscrición de conformidade co disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia. Así mesmo, será obxecto de publicación e inscrición en cumprimento do disposto no artigo 17 da lei 1/2016, do 18 de xaneiro, o artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos



artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

As partes asinantes consenten dar publicidade dos seus datos persoais e demais especificación recollidas no presente instrumento de colaboración o Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

De conformidade coa Lei 38/2003, do 17 de novembro, o instrumento de colaboración e a información sobre a subvención serán comunicados á Base de Datos Nacional de Subvencións.

DÉCIMO SEXTA. Información básica sobre protección de datos persoais

As partes asinantes deste convenio garantirán a confidencialidade dos datos persoais aos que teñan acceso como consecuencia das actuacións realizadas en execución deste e de conformidade co disposto na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación de estes datos e polo que se deroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos).

Os datos persoais recadados neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia-Consellería de Política Social e Xuventude coa finalidade de levar a cabo a tramitación administrativa derivada da xestión da concesión directa a través deste convenio que comprende verificar os datos e documentos que a entidade interesada achegue para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que se deriven e informar sobre o estado de tramitación.

O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme ás referencias recollidas no enlace <https://www.xunta.gal/información-xeral-proteccion-datos>, derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento das obrigas legais impostas ao dito responsable de conformidade co disposto no artigo 6.1, letras c) e e) do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016 e o artigo 8 da Lei orgánica 3/2018, do



5 de decembro, e en concreto a competencia e obrigas previstas nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, da Lei 9/2007, do 13 de xuño, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro e na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas, reflectíndose esta circunstancia de conformidade coa normativa de aplicación.

A referencia a publicidade, en cumprimento da normativa de transparencia e subvencións, axustarase a dita normativa e coas limitación que esta establece.

Como destinatarios, os datos serán comunicados ás administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que os cidadáns poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, no seu caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en <https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos>. O contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información consultarase no enlace <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>.

DÉCIMO SÉTIMA. *Réxime xurídico*

O presente convenio terá carácter administrativo rexéndose nos seus efectos polo establecido nas súas cláusulas, na Lei 38/2003, do 17 de novembro, no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo; na Lei 9/2007, do 13 de xuño; no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro e na Lei 40/2015, do 1 de outubro. No seu defecto, para resolver as lagoas e dúbidas que puideran presentarse, rexerase polo establecido na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro do 2014.

As cuestións litixiosas xurdidas acerca da interpretación, modificación e resolución serán resoltas pola Consellería de Política Social e Xuventude poñendo os seus acordos fin á vía administrativa. Contra elas cabe recurso potestativo de reposición



ante o mesmo órgano que ditou a resolución, segundo o previsto no artigo 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, no prazo de un mes se a resolución fose expresa. Se o acto non fora expreso, poderá interpor recurso de reposición en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto, ou poderá interpoñer directamente recurso contencioso - administrativo, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte á notificación do acto que poña fin á vía administrativa, se este fose expreso. Se non o fora, o prazo será de seis meses e contarase, para o solicitante e outros posibles interesados, a partir do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica, se produza o acto presunto, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso - administrativa.

Para tales efectos o tribunal competente será o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

E en sinal de conformidade coas estipulacións do presente convenio, o asinan ambos os dous comparecentes no lugar e data de sinatura dixital.

A CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL E
XUVENTUDE

O REPRESENTANTE DA
CONGREGACIÓN ESCLAVAS DE LA
VIRGEN DOLOROSA

Fabiola García Martínez

Levi Olivares González

